

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA
PARA LEVAR A CABO O ACCESO A PRÍNCIPE FELIPE-
MONTECELO DENDE A PO-542 NO LUGAR DO MARCO**

En Pontevedra, a 7 de agosto de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a Carmela Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, en virtude de nomeamento efectuado polo Peno da Corporación, na súa sesión constitutiva e actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 124.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade bastante para formalizar a presente addenda, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e

EXPOÑEN:

I. A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra asinaron, con data do 15/04/2013, un convenio de colaboración co obxecto de levar a cabo as obras comprendidas no proxecto de "Acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar do Marco".

Segundo a cláusula terceira do convenio, o financiamento da execución da obra realizaríase do seguinte xeito:

Ao abeiro da anterior previsión, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 28/12/2015 acordou: “Aprobar a prórroga ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar do Marco ata a liquidación do correspondente contrato de obras e, en todo caso, o 31 de decembro de 2016. Esta prórroga estará condicionada á aprobación dunha addenda ao convenio que permita adaptar o seu financiamento á realidade da execución das obras coas súas anualidades”.

Pola súa banda, a Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 30/12/2015 adoptou o seguinte acordo: “Aprobar a prórroga da vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar de O Marco” ata o 31/12/2016, condicionada á tramitación dunha addenda na que se axusten as anualidades previstas na cláusula terceira ao ritmo de execución das obras, consonte coa seguinte distribución:

	2012	2013	2014	2015	2016	TOTAL
CONCELLO DE PONTEVEDRA	500.000,00€	--	--	226.086,96€	173.913,04€	900.000,00€

Segundo: Os compromisos de gasto derivados da prórroga do convenio quedan subordinados á existencia de crédito no orzamento do exercicio económico correspondente.”

III. Ao abeiro dos devanditos acordos, por decreto da alcaldía de 30/12/2015, o Concello de Pontevedra aprobou o pagamento á Deputación Provincial da achega económica de 226.086,96€, correspondente ás anualidades do 2014 e do 2015 (nova anualidade do 2015 na proposta de prórroga e reaxuste de anualidades aprobadas pola Xunta de Goberno do Concello na data 30/12/2015) como anticipo para o financiamento das obras obxecto do dito convenio. Asemade, o Concello ordenou o pagamento á Deputación Provincial de Pontevedra da achega

ACORDAN

Subscribir a Addenda nº 2 ao “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar do Marco” co obxecto de reformular os compromisos das partes asinantes e reaxustar o importe e financiamento das obra, modificándose as seguintes cláusulas nos seguintes termos:

Cláusula segunda.- Importe.

O importe a que se refire o presente convenio ascende á cantidade total de tres millóns catrocentos dezaseis mil catorce euros con trinta e oito céntimos (3.416.014,38 €), e comprenderá todos os gastos que derivan da obra a realizar, así como os das expropiacións correspondentes, e incluídos os gastos de dirección de obra e de seguridade e saúde, así como os da redacción do proxecto e seguimento arqueolóxico.

Cláusula terceira.- Financiamento.

Mantén a súa vixencia o convenio orixinal, coas seguintes modificacións:

A Deputación de Pontevedra levará a cabo a redacción do proxecto correspondente e financiará o 50% da execución da obra asumindo o 50% do incremento do custe do novo proxecto, (1.033.007,19 euros) así como o 50% do incremento do custe das expropiacións (395.000,00 euros) con cargo a aplicación


17/456.4530.612.02

O Concello de Pontevedra manterá as súas achegas comprometidas de 560.000,00 euros no apartado de expropiacións da execución da obra, cuxo financiamento realizarase do seguinte xeito:

O resto do convenio permanecerá inalterable no seu clausulado, namentres non supoña contradición co disposto nesta addenda.

En proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

O alcalde,


Miguel A. Fernández Lores.

A presidenta da Deputación Provincial,


Dª Carmela Silva Rego.

